

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº129/ Ano: 2026 / 2º xornal Mes de xullo/ Estado de tranquilidade climática

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Importante ambiente en Ons seguindo os partidos do mundial, en especial, os da selección española. Páx. 1



Este ano, no Campamento, houbo un cambio de vehículos moi significativo. Páx. 1



Os “patexos” chegaron tamén a Ons ao igual que ás Cíes. Páx. 1



Pois si señor, en Ons “O ferro aboia”. Páx. 2

Interesantes actividades programadas polo Parque Nacional. Páx. 2



Para cando unhas xornadas sobre as árbores e arbustos de Ons. Páx. 3



Marea vermella en Ons. As súas ensinanzas. Páx. 4



“Merluzeando” actividade gastronómica en Ons. Páx. 5



Gran profesionalidade no Posto de Primeiros Auxilios e nos traballadores de Parques e mantemento. Páx. 4




Alonso Romero, pregunta sobre o Faro. Páx. 7

Davila e Tinón, como todos os anos, míranse en Ons. Páx. 6



Boas amizades en Ons. Páx. 5



AUTOMOCIÓN NA ILLA

Cando eu cheguei a Ons no ano 1975 no había ningún vehículo na Illa. Para o transporte de material só contaban cos carros de boi-vacas e cos de man. Foi a finais da década de 1970 cando o fareiro José María Seguí trouxo o primeiro, un seiscentos, que funcionaba a butano. Máis tarde, tamén para uso dos fareiros e peóns, veu un Renault 4L e comezaron a aparecer os primeiros tractores dos bares, do Campamento e da administración.

Unha década máis tarde, apareceron os primeiros todo-terreo e, ocasionalmente, para temática de obras, diferentes tipos de vehículos especiais para desenvolver o seu traballo; o que nunca viñera a Ons, agás os primeiros dos fareiros, foi un turismo, ata este ano que estivo circulando un Seat Ibiza, segundo parece, para uso do Campamento da Xunta que, ante as críticas e debido que a carga que podía transportar era moi escasa para as necesidades que teñen, cambiárona por unha furgoneta moito máis ampla, como xa tiveran hai uns anos.

Menos mal, unha illa pertencente a un Parque Nacional con turismos circulando por ela, como que non; tractores, algún todo-terreo e a maquinaria necesaria para as obras e de xeito puntual, poden ser aceptables.



CAMPIONATO DO MUNDO DE FÚTBOL 2026

En Ons tamén se viviron moi intensamente os últimos partidos, en especial, os da selección española. Na foto da esquerda vemos o ambiente no Checho de veciños e turistas antes de comezar o partido contra Bélxica.

Na foto da dereita a emoción desbordouse cando a selección logrou pasar a semifinais. A “Reina do Mercadillo”, Rita Nogueira (influencer galega e noutras épocas asidua de Ons) subiu á barra para animar aos presentes.



APARECEN PATEXOS EN ONS

A finais do mes de xuño liamos na prensa que no arquipélago de Cíes, nas súas praias, apareceron mortos unha grande cantidade de cangrexos patexos, segundo parece, pola elevada temperatura da auga do mar, polos ventos do norte e pola súa migración.

Deuse o caso que, ao igual que nas Cíes, pero quizais en menor cantidade, tamén apareceron na praia de Melide, na Illa de Ons.





CAMISETA MOI ILUSTRATIVA

“Na Illa o ferro aboia” este dito moi popular sobre Ons ten a súa historia. Así nolo contaba, na antiga páxina de “Vive en Ons”, Toño Escudero:

El naufragio del submarino General Mola .

El sumergible siguió prestando servicios en la Armada Española sin novedad. Finalmente, debido a su antigüedad, fue dado de baja en la Armada el 24 de Mayo de 1959. Estaba siendo remolcado desde Cartagena a un puerto del Norte para ser desguazado cuando, el 23 de diciembre de 1959, estando a la altura de Ons (Ría de Pontevedra), se rompió el cabo del remolque y se estrelló contra la isla. Parecía como un último acto de rebeldía, tratando de escapar a su vil final. Sin embargo el Mola se dio por perdido y sus restos fueron vendidos como chatarra.

Es aquí cuando se da un hecho que aún hoy es recordado por los vecinos de Ons: Una empresa de desguaces compró los derechos sobre el sumergible y procedieron a despedazarlo, aprovechando los fines de semana para ir a sus casas junto a sus familias. Amontonaban la chatarra en el muelle, esperando a tener suficiente para poder llenar un barco, y así ahorrar portes. Cuando los de la empresa regresaron un Lunes, se encontraron con el muelle totalmente despejado, no había ni rastro de las planchas de hierro. Los desguazadores acusaron al Gobierno de permitir el hurto y

exigieron la devolución del importe de los derechos y una indemnización. La reacción de Franco fue inmediata: envió soldados a Ons quienes, sin ningún miramiento, empezaron a registrar las casas de la isla. Evidentemente apareció la chatarra y se decidió llevar a los vecinos ante un tribunal militar, ya que en todas las casas había piezas del Mola.

Se dice que fue el cura quien organizó la estrategia; consiguió hablar con todos los lugareños y los convenció para que todos declararan lo mismo: ese fin de semana hubo temporal y el mar se llevó la chatarra del muelle; las gentes vieron hierros flotando y, pensando que eran de un buque recién naufragado, se los llevaron a sus casas. La cuestión es que la improvisada idea funcionó y nadie fue encarcelado. Desde entonces, se comenta con sorna que “*En Ons o ferro aboia*” (En Ons el hierro flota).

Si alguén quere facerse cunha destas orixinais camisetas poden mercala na tenda de deportes de Bueu: MelsonSport (rúa Ramón Bares 6. 986139221).



CASETA DE INFORMACIÓN E ACTIVIDADES

Por mor das obras en Curro coa instalación dunha nova caseta de información, os traballadores de Parques tiveron que trasladarse ás portas do Centro de Visitantes, cousa puntual pero moi necesaria, para dar información. Nese mesmo lugar atopamos un cartel informativo, un día calquera de xullo, onde nos informan das actividades que o Parque ten diariamente. Aquí as do 7 de xullo.

Como poden ver, moi completas e interesantes, o que non sabemos é como foron as do ano pasado (2025) pois, aínda que temos, recentemente nomeada, nova Presidenta do Padroado, non se convocou, como debería ser, a finais do ano ou a comezos deste 2026. Vemos unha parella nunha das actividades astronómicas programadas.

ESAS ÁRBORES DE ONS. NECESARIA REFORESTACIÓN

Como xa teño explicado en Onstopus anteriores, Ons, aínda que non comparable a illas como Cortegada, ten un interesante mostrario de árbores e arbustos, sobre todo, despois de case eliminar acacias e eucaliptos.

Unha actividade **curiosa e atractiva** sería contactar con algún especialista e despois de visitar Ons e comprobar a súa riqueza arbórea e arbustiva, fixera un pequeno catálogo, con abundante fotografía e posición nun mapa, dos diferentes tipos de árbores e arbustos que podemos observar ao longo e ancho da illa.

Xa posteriormente, poderíanse facer **Xornadas** sobre esta temática, tanto no verán como no resto do ano, co fin de aprender e que a illa siga viva anualmente (desestacionalización turístico-científico).

Á vez, estes especialistas que realizarían o estudo, tamén poderían avaliar o estado destas especies biolóxicas e comprobar o nivel de axuda que necesitan para unha mellor adaptación ao ecosistema insular e no seu crecemento. Asemade, non estaría de máis, e segundo podemos ler, noutras illas como nas Cíes están a realizalo, se estudie que tipo de árbores poden substituír aos eucaliptos e acacias **deforestadas** e comezar unha campaña de **reforestación**, como mínimo, nos lugares nos que foron cortados, reforestación que, como debería ser en Ons, non só consiste en plantar, senón en levar un seguimento desa planta ou árbore para ver a súa evolución, por persoal de mantemento anual, dando, cada certo tempo, a información necesaria sobre o estado da planta, arbusto ou árbore.

Interesante tamén campañas de concienciación nos colexios da zona de influencia e na súa contorna natural, para participar na plantación, aplicando algunha fórmula didáctica que obrigue a un seguimento, como o **apadriñamento** dunha árbore ou arbusto plantado en Ons.

Ideas que poderían saír dos políticos como, por exemplo, da **Directora Xeral de Patrimonio Natural** e exporllo aos responsables e xestores do Parque Nacional para a súa realización, pero parece que, nin fan nin deixar facer.



Interesante grupo de árbores que podemos ver en Ons, como os castiñeiros de Caño, as sobreiras de Curro alto e as dúas plantadas na zona onde se radicaba o chiringuito de Area dos Cans.



EN GALICIA O LIXO DESAPARECE, COVÉRTESE EN VERDE.

No anterior Onstopus falaba da cantidade de material de obra que está acumulado en varios lugares da Illa. Como dicía, é de supoñer que, cando rematen as obras ou antes, a retirarán. Un lector mandoume, por **wasapo**, unha nota curiosa, na que falaba de que, en Galicia o lixo non existe, podes deixar algo ciscado en calquera sitio que, en nada, a natureza faise cargo de cubri-lo, co que desaparece, da vista, por completo. E mandoume estas dúas fotos de Ons, no lugar de Curro.



Home, un pouco exaxerado, pero algo de razón ten. Recordo que cando cortaron os pinos e eucaliptos da antiga acampada de Chan da Pólvora en Ons, non os levaron para terra, e deixáronos amoreados no lugar, e outros os amontoaron nun recuncho da subida cara ao Faro, certo é, que pasado o inverno e chegado o verán, estaban cubertos pola maleza e así, co paso dos anos, foron podrecendo e desaparecerán loxicamente.

CHEGOU A MAREA VERMELLA Á ILLA DE ONS

Hai uns días líamos na prensa como unha gran mancha vermella tinguía as augas da Lanzada e algunhas da ría de Pontevedra.


Ocorre todos os anos, aínda que máis ben ao remate do verán, pero supoñemos que, por algún motivo, desta vez comezou antes, é o que se chama a <purga do mar>.

Din os expertos que se produce pola aglomeración de microorganismos, concretamente: "... segundo o Instituto Tecnolóxico para o control do Medio Mariño de Galicia, dicían que se detectara afloramentos de microalgas de cor laranxa e vermello nas rías de Arousa e Vigo e que se estendían a outras partes das Rías Baixas."

O certo foi que o 16 de xullo, festa do Carme, á primeira hora da mañá detectouse unha importante mancha na banda sur do peirao de Ons que, coa subida da marea, foi trasladándose e ocupando a praia de Area dos Cans.

Informaron que esa mancha era inocua, pero podemos sacar algunha conclusión: Pola mañá cedo detectouse ao lado do peirao. Logo, ao subir a marea, pasou á zona rochosa da baixada á praia de Area dos Cans. Para logo estenderse por toda a praia.

Polo que, calquera produto contaminante pode estenderse dende o peirao ou as súas proximidades, ás praias do leste a medida que as mareas e as correntes actúen.



Arriba dereita: Mancha no peirao de Ons.
Abaixo esquerda: Mancha achegándose á praia.
Abaixo dereita: Mancha estendida pola praia.



BO FUNCIONAMENTO DO POSTO DE PRIMEIROS AUXILIOS NA ILLA DE ONS

Tiveron que pasar moitos anos de reivindicación para que en Ons houbera, durante o verán, un posto de Primeiros Auxilios e, cando se conseguiu, outros anos máis para que este fose Permanente, é dicir, de día e noite.

Temos que dar os Parabéns á Dirección do Parque que foi quen o conseguiu e subvenciona.

Está claro que era unha necesidade xa que a Ons acoden, segundo a normativa, 1300 persoas de pasar o día, máis 800 veciños, os do cámping, persoal de Parques e mantemento, barcos de recreo,..., ese posto era máis que necesario.

Este 2026, a carón das consultas que diariamente teñen os dous sanitarios nas súas quendas, tiveron que buscar solucións a problemas graves con cinco evacuacións no que vai do mes de xullo: dúas en helicóptero, dúas na lancha de Salvamar e outra que, aínda que importante, puido saír de Ons no barco de pasaxe.

Tamén é de agradecer a boa preparación do persoal de Parques e tamén os de mantemento, para axudar a que todas as incidencias que ocorran, estean controladas en todo momento, prestando o apoio necesario tan pronto ocorren.

Só temos que esperar que nada aconteza e de ocorrer, seguir contando con estes excelentes profesionais.

Fotos:

Arriba: O helicóptero nun traslado dende a illa.

Abaixo: Con polo azul, a enfermeira Lara con dúas veciñas de Ons no posto de Primeiros Auxilios.





AS BOAS AMIZADES DE ONS

Así é a nosa illa, todos os veráns coincidimos unha serie de persoas que, durante o resto do ano, agás algunha ocasión especial, non nos vemos. E que mellor que facelo arredor dunha mesa degustando as boas viandas aunienses, un bo viño, xogando a partida ou mirando os partidos do mundial.

Moi boa xente, cunha amizade que dura anos.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO	DOMINGO
10:30 - 14:00 JUEGOS EN LA PLAYA	10:30 - 14:00 TALLER CREACIÓN MASCOTA	10:30 - 14:00 JUEGOS EN LA PLAYA	10:30 - 14:00 JUEGOS PIRATAS EN LA PLAYA	10:30 - 14:00 GOT TALENT SHOW	10:30 - 14:00 JUEGOS EN LA PLAYA
15:30 - 17:00 GIMKANA POR ZONA	15:30 - 17:00 JUEGO DE AGILIDAD	15:30 - 17:00 TALLER DE EMPATÍA	15:30 - 17:00 BUSQUEDA DEL TESORO	15:30 - 17:00 TALLER ARTÍSTICO	15:30 - 17:00 GYMKANA POR LA RUTA DEL FARO

MÚSICA EN DIRECTO

Tonichi y Pacheco
Sábado, 11 de Julio
22:00 horas
En colaboración con Casa Acuña (Ondes)

De martes a domingo

Tu comida en Casa Acuña incluye
ANIMACIÓN Y ACTIVIDADES INFANTILES
para tus peques
15:30 en la Iglesia



De novo o **Grupo Acuña** organiza actividades para que o turismo que vén a un Parque Nacional, a carón das rutas guiadas, teñan algo máis onde elixir para atoparse a gusto no Parque.

A Festa do Verán

TURISMO PESQUEIRO

JUEVES ■ 16 DE JULIO ■ 2026

- ✓ Degustación gratuita a partir de las 12:30 h.
- ✓ Música en directo
- ✓ Visitas guiadas a las 14:00 h. y a las 16:00 h.
- ✓ Salidas desde Vigo, Bueu y Portonovo

Merluzeando en Ons Actividade gastronómica

Organizado pola Consellería de Pesca e coa colaboración de Acuña, Parques e outros organismos, celebrouse a actividade gastronómica **Merluzeando**.



Degustación gratuita de pescada en varias preparacions, rutas guiadas e actuación musical. Outra actividade que fai que un Parque Nacional sexa **ACTIVO**.

MAIS CURIOSIDADES DE XULLO EN ONS (II)



O noso queridísimo auniense “Cesáreo, non ten posibilidade de ter un Seat Ibiza para trasladar as cousas á súa casa, polo que, ten que levalas como antano, nun carro de man.



Na páxina de Facebook “Yo también soy de Bueu” saíu esta fermosa foto coloreada, creo que de Mörling, do barrio de Pereiró realizada a mediados de década de 1960.



Cinco bos amigos de reunión en Ons.
Dende a esquerda: Berto, Varu Camawey, Davila (Humorista do Faro), Tinón e Maqui.



En Ons, no verán, non falla a música popular, que anima nos ratos de ocio.



Este ano, onde vai a varanda que pode evitar moitos problemas ás miles de persoas que visita Ons?



Preparándose para o eclipse do 12 de agosto, un grupo de aunienses e outros de adopción, aproveitaron a actividade de Parques, cun extraordinario astrónomo, que non dubidou e dar unha clase maxistral nun momento de relax, despois dunha mañá moi atarefada cos turistas, a persoeiros tan famosos como Milucho, Maqui e Tinón, xunto coa familia do auniense Arturo Goberna. Fantástica actividade.



Cesáreo, calafateando a dorna. Noutros tempos facían un bo lume e quentaban a brea para logo darlle á dorna e, nalgúns casos, poñendo estopa. Agora, hai que velo, unhas pedras, un cacharro e un soprete.

Fernando Alonso Romero, un dos grandes investigadores sobre Ons, xunto á súa muller, María Castroviejo Bolibar, informou e preguntou sobre:

<...he encontrado casualmente en el libro "Sailing directions for the coast of Spain and Portugal", publicado en 1878 en Londres. La siguiente referencia al faro de Ons: **Ons Islands Light. On Ons island there is a lighthouse, 35 feet high, which shows a fixed light, flashing every 2 minutes, at 421 feet above the sea, visible 12 miles. The tower stands on the highest part of the island, at about 1, 1/4 miles from the north point. Position, lat. 42° 22' 30'' N., long. 8° 55' 14'' W.** (Faro de la isla de Ons. En la isla de Ons hay un faro de 35 pies de altura, que tiene una luz fija que destella cada 2 minutos, está a 421 pies sobre el nivel del mar, su alcance es de 12 millas. La torre se encuentra en el punto más alto de la isla, a una milla y ¼ de su extremo norte. Situación. Lat. 42° 22' 30 '' N., long. 8° 55' 14 '' W.).

Me llama la atención ese texto, pues sería interesante comprobar si esos destellos se emitían realmente con esa cadencia luminosa. Como sabes, el faro empezó a funcionar en 1865. Es decir, 13 años antes de ese escrito. ¿Sería esa la cadencia luminosa original y su alcance?>

Alguén terá resposta?

FARO de ONS

